

PRINCE2 Foundation

Descrición

Durante este adestramento aprenderá os principios e elementos fundamentais da metodoloxía para a Xestión de proxectos desenvolvida por OGC, así como outras guías de recoñecido prestixio internacional como ITIL, dacordo ó framework de Boas Prácticas. A formación prepara nesta metodoloxía eminentemente práctica, para a xestión de todo tipo de proxectos, para a realización de funcións dentro dunha estrutura de proxecto, e céntrase especialmente en obter a certificación PRINCE 2 Foundations.

Centrándonos na calidade e un entendemento claro, o noso profesorado certificado impartirá unha formación completamente independente, é dicir, non condicionada ao uso de ningunha ferramenta ou software específico, nin a consultoría posterior, sendo este un principio fundamental das Boas Prácticas. Moitas organizacións europeas consideran PRINCE 2 como unha ferramenta básica no desempeño dos/as profesionais relacionados/as con calquera xestión de proxectos.

Obxectivos

- Comprender o contexto e as características dos proxectos e a xestión de proxectos.
- Comprender a estrutura, o foco e as vantaxes de PRINCE2® para a xestión de proxectos.
- Comprender as características e a necesidade de contar cun Business Case.
- Comprender o propósito e as responsabilidades dos roles asociados a PRINCE2®.
- Comprender o propósito e enfoque de PRINCE2® en relación con:
 - A xestión dos riscos no proxecto
 - Xestión da calidade
 - A planificación dun proxecto con PRINCE2®
 - A xestión do control e seguemento do proxecto
- Comprender a función de todos os produtos de xestión utilizados por PRINCE2® para garantir o éxito do proxecto.
 - Coñecer os procesos utilizados por PRINCE2®, as súas relacións, actividades e os produtos de xestión implicados en cada un deles.
 - Realizar exercicios para aplicar os coñecementos adquiridos.
 - Prepararse para aprobar o exame de certificación.

Dirixido a

Xestores/as de Proxectos e/ou Procesos.

Perfil do docente

Persoa con máis de 25 anos de experiencia en áreas de xestión e informática. Trainer Certificado en Prince2.

DURACIÓN	24 horas
PROGRAMA	Programación 2019/20
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	PRINCE2 2017 Foundation
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 09:30 a 13:30 horas.
PERIODO INSCRIPCIÓN	12/02/2020 - 28/02/2020
PROBA DE SELECCIÓN	04/03/2020, 10:00
LUGAR DE DOCENCIA	
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)

Temario

- Módulo 01: Introducción, principios, temáticas e procesos - 3 horas
- Módulo 02: Temática de casos empresariais- 2 horas
- Módulo 03: Temática de organización - 2 horas
- Módulo 04: Temática de risco: 2,5 horas
- Módulo 05: Temática de calidade - 2,5 horas
- Módulo 06: Temática de plans - 1 hora
- Módulo 07: Temática de cambio - 2 horas
- Módulo 08: Temática de progreso - 1 hora
- Módulo 09: Proceso de posta en marcha dun proxecto - 0,5 horas
- Módulo 10: Proceso de dirección dun proxecto - 0,5 horas
- Módulo 11: Proceso de inicio dun proxecto - 1 hora
- Módulo 12: Proceso de control dunha fase - 1 hora
- Módulo 13: Proceso de entrega de produtos - 1 hora
- Módulo 14: Proceso de xestión dos límites de fase - 0,5 horas
- Módulo 15: Proceso de peche dun proxecto: 0,5 horas
- Módulo 16: Preparación para o exame - 3 horas